



TAREFA 1

(...../5)

Vostede está interesado/a no tema da caza. Por iso acode á prensa para se informar.

Lea atentamente os seguintes textos e enunciados.

Escriba na táboa de respostas, EN MAIÚSCULAS, a letra do texto que se corresponda con cada enunciado, como no exemplo 0.

Dous textos non se corresponden con ningún enunciado.

As respostas deben basearse unicamente na información contida nos textos.

A. Un cazador morreu este domingo en San Xoán de Río mentres participaba nunha batida de xabril autorizada pola Xunta. O home, de 63 anos de idade e veciño de Paderne de Allariz, recibiu un disparo accidental dun dos seus compañeiros mentres estaba agachado agardando pola aparición dos animais.

Fonte: <https://praza.gal/acontece/a-morte-dun-cazador-en-san-xoan-de-rio-eleva-a-16-os-falecementos-en-galicia-nos-ultimos-anos>

B. Esta é a segunda morte relacionada coa caza nos últimos meses en Galicia. O pasado 2 de decembro un mozo de 21 anos faleceu en Chandrexa de Queixa, moi preto deste novo accidente, cando a súa escopeta se disparou accidentalmente mentres cazaba perdices cun amigo.

Fonte: <https://praza.gal/acontece/a-morte-dun-cazador-en-san-xoan-de-rio-eleva-a-16-os-falecementos-en-galicia-nos-ultimos-anos>

C. Estes campionatos [de caza do raposo], prosegue, non son coherentes cos principios reitores de “protexer, conservar, fomentar, e aproveitar ordenadamente os recursos cinexéticos” da Lei 13/2013, de 23 de decembro, de caza de Galiza, “onde se establece un aproveitamento ordenado mediante Plans de ordenación cinexética e os Plan anuais.

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/articulo/social/son-moitias-persoas-cazadoras-desaproban-competicions-caza-raposo/20180130114001065537.html>

D. Colectivos ecoloxistas e colectivos animalistas levan anos denunciando os perigos que a actividade da caza ten non só para os propios cazadores, senón para calquera persoa que se atope no monte durante as batidas, sobre todo as que teñen lugar fóra da tempada de caza.

Fonte: <https://praza.gal/acontece/a-morte-dun-cazador-en-san-xoan-de-rio-eleva-a-16-os-falecementos-en-galicia-nos-ultimos-anos>

E. Así mesmo, entidades coma a Sociedade Galega de Historia Natural teñen denunciado “malas prácticas” ou a ausencia de controis e de medidas de seguridade tanto para protexer os cazadores como a persoas alleas. Nesa denuncia, a SGHN destacaba que a caza provoca cada ano en Galicia máis mortos que os accidentes de tráfico.

Fonte: <https://praza.gal/acontece/a-morte-dun-cazador-en-san-xoan-de-rio-eleva-a-16-os-falecementos-en-galicia-nos-ultimos-anos>

F. Tamén se fai fincapé na necesidade de extremar a precaución no que atinxe aos menores de idade, evitando que participen na actividade da caza (...) Na actualidade, a Lei de Caza de Galicia, aprobada en 2013 fixa nos 16 anos a idade mínima (artigo 58). Colectivos sociais e partidos da oposición veñen reclamando elevar a idade mínima aos 18 anos.

Fonte: <https://praza.gal/acontece/a-morte-dun-cazador-en-san-xoan-de-rio-eleva-a-16-os-falecementos-en-galicia-nos-ultimos-anos>



G. A Xunta reconece a concesión de licenzas ilegais de caza, mais segue adiante coa temporada. Adegas presentou unha demanda perante a fiscalía en prol dunha investigación "profunda e obxectiva" sobre os permisos para a actividade cinxética e a pesca fluvial outorgados entre 2009 e 2012. Di o colectivo ecoloxista que os feitos dos cales informou ao TSXG poderían constituir delitos vinculados á corrupción.

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/articulo/social/a-xunta-reconece-a-concesion-de-licenzas-ilegais-de-caza-mais-segue-adiante-coa-temporada/20121028120723007015.html>

H. Os animalistas avanza que contactarán cos concellos nos que se convocou (Rianxo, Boiro, Dodro e Porto do Son) para solicitar que teñan "cooperación nula con esta actividade cruel que trata de equiparar unha práctica deportiva cunha auténtica matanza de raposos".

Fonte: <https://www.nosdiario.gal/articulo/social/libera-denuncia-convocatoria-dun-campionato-caza-raposo-coruna/20191221140558088735.html>

TAREFA 2

(...../7)

Vostede está a procurar en Internet información sobre Centros Galegos no estranxeiro e, por iso, decide acudir á Galipedia.

Lea atentamente os seguintes enunciados. Indique, na táboa de respostas, en cal dos fragmentos figura a resposta á pregunta realizada, tal e como aparece no exemplo 0. As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

A. Esta sociedade naceu o 22 de maio de 1997 da man dun grupo de galegos residentes en París, amantes da cultura galega e motivados pola desaparición da antiga Casa de Galicia fundada en 1976 e que desaparecera en 1978. Unhas setenta persoas asistiron a unha reunión nos locais do grupo folclórico da antiga Casa de Galicia, coa intención de crear outra asociación galega en París. Así, fundouse A nosa Casa de Galicia. Asociación Cultural y Deportiva. Nomearon unha directiva de transición e interpuxeron unha denuncia contra a antiga directiva da Casa de Galicia pola súa mala xestión (que levou á desaparición da sociedade), nun intento de dar certa credibilidade á nova asociación, deixando claro que non tiñan nada que ver coa anterior.

Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/A_Nosa_Casa_de_Galicia_en_Par%C3%ADs

B. O Centro Galego de Barcelona xorde no 1892 mediante a fusión de distintos grupos e peñas (a Casa de Galicia e a Sociedad Artística como os máis importantes). Comeza co nome de Casa de Galicia, mais a Guerra Civil acaba con el. Rematará por converterse nunha entidade legal no ano 1923 con sede social no edificio de Las Ramblas onde hoxe segue situado. A súa consolidación chega cos Xogos Florais Galegos (1950) co primeiro número da revista Alborada.

Entre as actividades que desenvolven distinguimos: programación sociocultural (concertos, teatro...), organización de cursos, talleres, música e danza tradicionais, cursos de lingua galega...

Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/Centro_Galego_de_Barcelona



C. A Casa Galicia-Unidad Gallega como institución étnica ten a súa orixe na emigración galega dos anos de posguerra que se asentou na metrópole estadounidense. Esta emigración estaba composta na súa maioría por campesiños e xornaleiros que se viron obrigados a saír de Galicia por causas diversas e que aproveitaron esta oportunidade para brindar ós seus fillos un mellor futuro. Co paso dos anos, a institución foi gañando en éxito e prestixio tanto no marco galego como no español chegando a ser recoñecida pola súa labor cultural e social. O seu primeiro presidente foi Salvador Galán. En 1988 pasou a ser Reynaldo Mariña, substituído no cargo por Pablo González Tojeira (1993-94) e Antonio A. Fernández (1995-96).

Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/Casa_Galicia_de_Nova_York

D. A Hermandad Gallega de Venezuela foi creada o 12 de outubro de 1960 ao fusionarse os tres centros galegos existentes nese momento en Caracas. Os seus fundadores foron tres, un por cada centro: Ángel Feijoo González (Casa de Galicia), Baldomero Gallego Figueiras (Lar Gallego) e Vicente Barcia Portela (Centro Gallego).

Os seus símbolos son a bandeira, o escudo e o himno de Galiza.

Nun primeiro momento, o centro a pesar de ser consecuencia dunha fusión, tiña como característica a conservación das propiedades individuais que tivera cada unha das tres asociacións e contaba con 800 socios.

Ante a crise económica que atravesou no ano 92, decidiron que a Hermandad Gallega fose unha sociedade por accións.

Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/Hermandad_Gallega_de_Venezuela

TAREFA 3

(...../5)

Vostede está a procurar en Internet información sobre a publicidade en galego e, na rede, encontra este artigo.

Lea atentamente o seguinte texto e os seguintes enunciados.

Indique, na táboa de respostas, se os enunciados son verdadeiros ou falsos, marcando a opción correcta cunha cruz, como no exemplo 0.

As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

Publicidade en galego: Ti como vendes?

O Consello da Cultura Galega e a Fundación Galicia Empresa celebraron este xoves a xornada "A publicidade en galego", co obxectivo de revisar un ámbito da comunicación fundamental para a normalización da nosa lingua, atendendo o aspecto diacrónico e de evolución, e fotografando o estado actual, desde os puntos de vista das empresas, da teoría da comunicación, da publicidade e da lingua.

Os libros *Publicidade e lingua galega* (1995) e *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua galega* (1997) da autoría de Fernando Ramallo e Gabriel Rei analizaron no seu día a actitude dos consumidores perante o uso do galego na publicidade e déronlle voz aos responsables das empresas para coñecer, de primeira man e dende un punto de vista científico, as actitudes de cara ao emprego da lingua galega na promoción dos seus produtos.



Pasaron case vinte anos e neste tempo o contexto mudou, nalgúns casos a peor, coa redución do número de falantes, ou coa diminución da porcentaxe de publicidade emitida en galego na TVG, como se denunciou na propia xornada. Outros elementos son máis positivos, sobre todo a decisión dalgúns grandes anunciantes, coma Gadisa, R, adegas coma Martín Códax ou mesmo o aeroporto do Porto, de publicitarse en galego.

Un dato importante á hora de analizar o uso do galego na publicidade ten que ver coa estrutura empresarial de Galicia, baseado principalmente en pequenas e medianas empresas que non adoitan apostar pola comunicación nin investir nela. Investigacións da Universidade de Vigo sinalan que só o 15% das empresas galegas contaban en 2003 cun departamento específico de comunicación e relacións públicas e que só o 7% tiña persoal especificamente formado para realizar este tipo de accións.

O galego, eficaz

Alberto Pena, profesor de Comunicación da Universidade de Vigo, destacou a "incuestionable a eficacia do galego como lingua publicitaria", unha idea na que xa incidíu hai uns meses noutra entrevista concedida a Praza. Para Pena, "a lingua galega e as diversas representacións da nosa cultura facilitan a identificación co produto anunciado. Fannos sentir que somos diferentes, auténticos, que temos algo que ofrecer a un mundo cada vez máis uniformizado, que podemos dialogar con outras culturas cun modelo cultural senlleiro. É o mellor medio para reforzar o vencello emocional entre os anunciantes e os potenciais compradores. Aínda que algúns deles poidan ser castelán-falantes, a lingua galega transmítelles confianza. Porque alimenta o sentimento de proximidade, autóctono".

Fonte: <https://praza.gal/economia/publicidade-en-galego-ti-como-vendes>

TAREFA 4

(...../8)

Dada a proximidade desta festa, vostede decide informarse respecto a festividade do San Xoán en Galicia. É por iso que decide consultar a Galipedia para documentarse máis sobre esta festividade.

Lea atentamente o seguinte texto e os seguintes enunciados. Marque na táboa de respostas a opción correcta (a, b, c) en cada caso, como no exemplo 0.

As respostas deben basearse unicamente na información contida no texto.

A noite de San Xoán

Moitos ritos de carácter máxico ou supersticioso asóciannse a esta tradición: saltar as fogueiras, pór un ramo de herbas de san Xoán nas portas da casa coa finalidade de protexerse das meigas, lavarse ao amencer en mananciais ou con auga de rosas etc. A noite de san Xoán é unha das festas antropoloxicamente máis importantes en Galicia, a noite do Lume Novo. Así por exemplo, celébrase na Coruña coas tradicionais fogueiras na praia do Orzán e na de Riazor, sendo esta a festa do san Xoán máis multitudinaria de Galicia e unha das máis multitudinarias de toda España. A noite de san Xoán na Coruña foi declarada festa de interese turístico internacional de España. Porén en todo o territorio é de tradición acender cacharelas e facer xantares populares onde as sardiñas, os cachelos con pela e a broa de millo son as protagonistas.



Herbas de san Xoán

Diferentes herbas, aromáticas ou non, e flores recollidas a véspera de san Xoán, posúen tamén propiedades máxicas. Se xa as posúen en calquera momento do ano, nesta noite atribúeselles un poder especial polo vigor engadido que lles dá a forza do solsticio e do verán e mais pola forza do orballo desta noite. Resulta difícil establecer a lista das herbas que se han considerar como herbas de san Xoán, xa que se comproba unha gran variabilidade ó longo de Galicia. Si que se adoita dar a cifra de sete herbas diferentes.

Sortilexios

A noite de san Xoán é especialmente propicia para levar a termo certos sortilexios cos que adiviñar o que vai acontecer no futuro. Por exemplo, se unha muller bota a clara dun ovo nun vaso de auga ás doce da noite, e deixa este durante toda a noite, ao mencer pode adiviñar con quen vai casar segundo a forma que adopte a clara callada: se semella un martelo, será un carpinteiro; se un barco, un mariñeiro, se unha engra, un ferreiro.

O sol no día de san Xoán

Trátase do solsticio de verán, momento do ano no que se lle atribúe ao sol a máxima claridade. Resulta común a crenza de que o sol baila ao mencer, disque de ledicia pola festa do santo. Así, adóitase subir a un monte para velo bailar.

Xa o padre Feijoo recolleu esta tradición de ir ver bailar o sol e o feito de que noutros lugares — que non especifica— isto se fai na Pascua cristiá. Tamén en Italia existe o mesmo costume: en Abruzzos crese que no sol nacente se pode ver a cabeza de San Xoán; e en Sardeña, que no mencer o sol baila tres veces, tantas como botou no chan a cabeza do santo ao ser decapitado.

Inversión da orde cotiá

Se nesta data o sol acada a maior forza e a maior sacralidade, na noite anterior o Mal ten tamén a maior forza e busca facerlle o maior dano á xente, ao gando ou ás colleitas. Nesta noite, as bruxas reúnen-se nos maiores aquelarres, como no areal de Coiro (en Cangas) ou en Sevilla, pero tamén se xuntan noutros lugares, como nas encrucilladas, e percorren as aldeas. Non só as meigas están máis activas esta noite senón tamén outros seres mitolóxicos: se se coloca un pano branco sobre un fento, á mañá poderémolo atopar cheo de trasgos.

Fonte: Galipedia (https://gl.wikipedia.org/wiki/Noite_de_san_Xo%C3%A1n)